

INSTRUCCIÓN Nº 7/2008, DA SECRETARÍA XERAL DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA SOBRE A MENCIÓN NOS TÍTULOS UNIVERSITARIOS

A Disposición transitoria primeira da Orde do 8 de xullo de 1988, en materia de expedición de títulos universitarios oficiais, establece a posibilidade de que a mención da superación do *exame de grao* ou *tesaña*, se faga constar, de modo diferenciado, no anverso dos títulos. Non obstante o anterior a mención de grao, segundo o punto cuarto da Resolución do 26 de xuño de 1989, da Secretaría de Estado de Universidades e Investigación, ditada para a aplicación das Ordes do 8 de xullo e 24 de decembro de 1988 sinala que en materia de títulos, esta mención debe figurar no reverso dos títulos. Cómpre así clarexar esta contradición.

Por outra parte, esta Resolución sinala tamén no seu punto quinto que a concesión regulamentaria do Premio Extraordinario ou de outra nota final relevante, tamén se mencionará no anverso dos títulos. Con base na devandita resolución dende hai anos se inclúe a cualificación final do proxecto de fin de carreira no anverso dos títulos. Sen embargo considérase que esta interpretación é errónea por canto a citada norma só se refire ao Premio Extraordinario ou outras mencións honoríficas sobre a globalidade da titulación e non ao proxecto de fin de carreira que é un contido necesario e requisito imprescindible para superar as titulacións de Enxeñaría ou similares.

Polo exposto, ESTA SECRETARÍA XERAL dita a seguinte Instrución:

Primeira.-

A mención de superación do exame de grao ou tesaña figurará de modo diferenciado no anverso dos títulos, con expresión da data, a cualificación e no seu caso, a Universidade, na forma establecida na Disposición transitoria segunda da Orde do 8 de xullo de 1988.

Segunda.-

No anverso dos títulos figurará tamén, de ser o caso, a concesión do premio extraordinario ou outra mención sobre o título sempre que estea regulamentada por norma legal, estatal ou autonómica.

Terceira.-

Non se incluírá nos títulos mención ningunha referida á realización do proxecto de fin de carreira nin á cualificación acadada no mesmo.

Santiago de Compostela, 30 de outubro, de 2008
A SECRETARIA XERAL



Isabel García-Rodeja Gayoso